



Concello  
de Pontevedra



## XL SAN SILVESTRE DE PONTEVEDRA 23

### 1. ORGANIZADORES

A Sociedad Gimnástica de Pontevedra e o Concello de Pontevedra.

### 2. HORARIO DA CARREIRA

Celebrarase o domingo 31 de decembro de 2023 a partir das 17:00 h. con saída na avenida de Uruguay (á altura da ponte do Burgo) e chegada na av. de Montero Ríos.

### 3. DISTANCIA E PERCORRIDO

Será de 3.500 metros aprox. polas rúas de Pontevedra, nun circuíto pechado ao tráfico (ver plano xunto, en amarelo o percorrido pedestre).



Saída PEDESTRE na avenida de Uruguay (á altura da ponte do Burgo), Galera, Arcebispado Malvar, Praza España, Michelena, Fernández Villaverde, Real, Sarmiento, Pasantería, Odriozola, Peregrina, Andrés Mellado, praça de Galicia, praça da Constitución (peonil xunto ao quiosco da parada do autobús a Marín), rodeo da igrexa de San Xosé (peonil), Iglesias Vilarelle, Antero Rubín, Augusto García Sánchez, praça de Galicia, Augusto Glez. Besada, San Xosé, Riestra e avenida de Montero Ríos.



Galmotor

**FROIZ**  
Siempre a su servicio



V Festa de Tolla  
**DEVESÁ**

**Coca-Cola**



Concello  
de Pontevedra



#### 4. ACCIÓN SOCIAL DA CARREIRA

Para recoller o dorsal será obligatorio entregar un kg de alimentos. Ademais, o día da carreira haberá diante do mercado unha furgoneta que recollerá produtos de alimentación imperecedoiros a partires das 15,30 horas o dia 31 de decembro, para facerlle entrega ao Banco de Alimentos de Pontevedra que o repartirá as entidades que mais o necesiten.

#### 5. INDUMENTARIA EN CARREIRA

É obligatorio levar o dorsal ben visible, estirado no abdome, ánda que se acuda disfrazado. No caso de que o deportista leve disfraz e este dificulte a visibilidade ou a carreira para o resto de participantes, a criterio da Organización, poderá ser desqualificado e pediráselle que se retire do circuíto, por seguridade.

#### 6. INSCRICIÓNNS

Só se poderá tomar parte na proba con dorsal oficial. Poderán inscribirse tódalas persoas que así o desexen, sempre e cando os/as menores de idade, estiveran ao cargo do seu/súa titor/a legal ao longo de toda a carreira.

Dende a Sociedad Gimnástica de Pontevedra, no momento de recoller o dorsal, agradecemos a aportación dun donativo para sufragar os gastos da carreira e apoiar a labor da nosa entidade sen ánimo de lucro na promoción do atletismo na nosa comarca.

A inscrición e recollida de dorsais farase a partires do día 13 decembro ata esgotar dorsais:

##### **Na tenda Miler (Rúa Peregrina 6, soto):**

- Do 13/XII ao 23/XII de 10:30 a 13:30h 17:00 a 20:00h. (de luns a sábado).

##### **Na rúa Castelao 3 (baixo):**

- Do martes 26/XII ao sábado 30/XII en horarios de 10:30 a 13:30h e de 17:30 a 20:30h. E o domingo 31/XII de 10:30 a 13:30h.



**Galmotor**

**FROIZ**  
Siempre a su servicio



 **DEVESÀ**

**Coca-Cola**



Concello  
de Pontevedra



Calquera persoa poderá inscribir e recoller o dorsal doutra persoa cando teña autorización d@ titular (por exemplo, unha foto do DNI por whatsapp).

## 8. PREMIOS

Haberá agasallos a tódol@s participantes con dorsal que rematen a carreira **ATA ESGOTAR EXISTENCIAS**. A maiores haberá os seguintes premios:

- Primeiro/a en chegar a meta home e muller: un lacón para cada un.
- Tres primeiros/as en chegar a meta homes e mulleres: trofeos.
- Disfraz individual: un lacón á persoa gañadora desta “categoría” a criterio do xurado de disfraz.
- Disfraz colectivo: un lacón ao equipo gañador desta “categoría” a criterio do xurado de disfraz.

## 9. OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

A) ZUMBA: a partir das 16.15, na liña de saída, haberá unha “master class” de Zumba, aberta a todo o público que queira practicar Zumba ou quentar, sin ter que inscribirse.

## 10. ORDEN DE SAÍDA

Obrigatorio que todas as persoas participantes saían e cheguen pola liña de saída, respetando o seguinte orde de saída:

1º Corredores/as pedestres.

2º Menores de idade.

3º Persoas con mobilidade reducida (carriños de nenos, cadeiras de rodas,...).

Tódalas persoas menores de idade, con mobilidade reducida (carriños de nenos, cadeiras de rodas,...) teranse que poñer lonxe da primeira liña de saída porque coa dinámica da carreira sempre se poden xerar algúns incidentes. O pelotón de participantes irá escoltado por ciclistas.



Galmotor

**FROIZ**  
Siempre a su servicio



V Ferga de Teixa  
**DEVESÀ**

Coca-Cola



Concello  
de Pontevedra



## 11. VARIOS

A Organización no se fai responsable dos danos físicos ou materiais que os corredores/as poidan ocasionar a eles mesmos, a outras persoas ou a elementos materiais. A organización resérvase o dereito a efectuar calquera modificación nas condiciones indicadas, incluso a suspensión da proba si as condicións meteorolóxicas, ou outras causas de forza maior, así o aconsellan.

Non haberá clasificación de chegada agás os tres primeiros homes e mulleres.

As persoas inscritas ceden de maneira expresa, á Organización, o dereito a reproducir o nome e apelidos e a súa imaxen, durante esta carreira, só para a promoción da actividade física e do deporte, así como informarles de futuras actividades relacionadas co atletismo.

Para poñerse en contacto coa organización, poderán facelo a través do email [info@sgpontevdra.com](mailto:info@sgpontevdra.com) ou <https://www.facebook.com/sansilvestrepontevdra>.

Mais info na web da proba: <http://www.sgpontevdra.com/sansilvestre/>



Galmotor

**FROIZ**  
Siempre a su servicio



*V Festa de Tolla*  
**DEVESÀ**

**Coca-Cola**